



Finalizan os traballos das OBRAS DE RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DE LAVADOIRO DE PERDIZ cunha aportación de Deputación de 8.989,80 euros e un orzamento total de 14.899,23 euros

O Concello da Lama acaba de remata-la obra de RESTAURACIÓN E POSTA EN VALOR DE LAVADOIRO DE PERDIZ cun investimento de 14.899,23 euros que contou co subvención da Deputación de Pontevedra a través da liña de axudas para Xuño de 2023 supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural.

As actuacións recollidas nesta memoria están orientadas á recuperación e posta en valor dun elemento do patrimonio Histórico - Cultural de A Lama no que se realizaron unha obras pouco acertadas que fan que diminúa o seu valor histórico-artístico e etnográfico, así pois, coa restauración e posta en valor deste elemento espérase un impacto positivo no sector socio-económico do concello ó ser un atractivo para o turismo rural da zona.

Con esta actuación o Concello da Lama pon fin á situación de abandono deste elemento etnográfico que forma parte do patrimonio histórico-cultural do municipio. A intervención supuxo tamén unha solución aos problemas que o paso do tempo foi provocando nesta construción.

Esta actuación do Concello da Lama non resulta puntual xa que leva tempo apostando pola recuperación de fontes, lavadoiros, fornos, etc. e pola creación e potenciación de rutas que discorren polas inmediacións de ditos elementos como un incentivo para atraer visitantes ao municipio e, polo tanto, dinamiza-la economía da zona, ao mesmo tempo que se evita a perda de elementos de gran valor para o patrimonio histórico-cultural do termo municipal.

